

Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 19 de novembro de 2019

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 19/11/2019
- II. Asistentes á CGIC do 19/11/2019
- III. Procedemento de calidade IA-01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos
- IV. Rexistro R3-DO0201 P1 Informes de Coordinación das titulacións do centro:
 - a. Informe de Coordinación do Grao en Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos
 - b. Informe de Coordinación do Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - c. Informe de Coordinación do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas
- V. Rexistro R2-DO0203 P1 Informe final de avaliación do PAT do centro
- VI. Informe de revisión interna de centros e titulacións:
 - a. Informe provisional para a revisión interna do seguimento de centros e titulacións oficiais
 - b. Alegacións presentadas ao informe de seguimento interno provisional

Ábrese a sesión ás 12:30 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

- 1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 23 de xullo de 2019 e extraordinaria celebrada o 31 de xullo de 2019.**

Achegáronse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbanse por asentimento as actas, que serán publicadas, na sección de CALIDADE – COMISIÓN DE CALIDADE da web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

2. Informe do Coordinador.

O Coordinador comenta as principais incidencias relativas á Calidade desde a anterior sesión da CGIC:

- O 4 de setembro de 2019 a Directora recibiu resposta á solicitude de información enviada o 19 de xuño sobre o establecemento centralizado na Universidade de mecanismos ou procedementos de control da docencia, a posta de ferramentas de control de docencia ao dispor dos centros e do tipo de tecnoloxía ou ferramenta informática que pode ser utilizada para levar a cabo o devandito control da docencia. Na resposta, o Vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado informa de que os servizos informáticos da UVigo están a desenvolver unha aplicación, consistente nun formulario soportado polos propios servidores da universidade, que se porá ao dispor de todos os centros. Ademais, propón que a proba piloto da ferramenta se leve a cabo na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
- O 17 de setembro de 2019 a Área de Calidade da UVIGO publicou no Sistema de Información á Dirección (SID) os Resultados das Enquisas de avaliación da satisfacción coas titulacións de Grao e de Mestrado 2018/19, polo Profesorado e polo Estudantado. O 12 de novembro recibíronse os informes cos datos procesados; nestes arquivos faise unha análise dos resultados promediados a distintos niveis e se inclúen as respostas de texto libre, pero aínda temos que revisalos.

ALUMNADO - CURSO 2018-2019		% participación	% participación curso anterior	Índice satisfacción por sexo	Valoración Global por plan curso anterior
Grao en Enxeñaría da Enerxía	Home	26,47	40,00	2,77	2,62
	Muller	36,36	41,94	3,56	2,66
	Total	28,89	40,70	3,02	2,64
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	Home	55,56	12,12	3,99	3,03
	Muller	50,00	33,33	3,61	3,05
	Total	54,55	21,05	3,92	3,05
Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	Home	100,00	52,94	4,06	3,52
	Muller	100,00	57,14	4,06	2,69
	Total	100,00	53,66	4,06	3,37
GLOBAL CENTRO (EME)	Home	38,00	36,07	3,29	3,03
	Muller	40,00	40,30	4,06	2,82
	Total	38,46	36,60	3,48	2,95

PDI - CURSO 2018-2019		% Participación	% Participación enquisa anterior 2016-2017	Índice de satisfacción por sexo	Índice de satisfacción por sexo 2016-2017
Grao en Enxeñaría da Enerxía	Home	36,67	59,62	4,1	3,75
	Muller	47,06	64,29	4,41	4,22
	Total	38,96	60,61	4,19	3,87
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	Home	61,9	66,67	4,27	4,11
	Muller	53,85	66,67	4,34	4,23
	Total	58,82	66,67	4,30	4,17
Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	Home	73,91	77,27	4,24	4,25
	Muller	81,82	100,00	4,49	4,50
	Total	76,47	84,38	4,33	4,35
Máster Universitario en Xeoinformática	Home	20	42,86	4,21	4,21
	Muller	100	100,00	4,65	4,65
	Total	42,86	63,64	4,52	4,37
GLOBAL CENTRO (EME)	Home	48,62	63,54	4,19	4,00
	Muller	60,47	76,74	4,44	4,32
	Total	51,97	67,63	4,27	4,11

- O 24 de setembro de 2019 recibíuse resposta de Raquel Gandón (técnica da Área de Calidade) aclarando varias dúbidas sobre os rexistros con alerta activa no SGIC e explicando os procedementos a seguir.
- O 26 de setembro de 2019 púxose en marcha o proceso de Enquisas de Avaliación Docente (EAD) do 1º cuadrimestre do curso 2019-2020 co seguinte cronograma:

- ✓ 26/09/2019 – 13/10/2019 Planificación individualizada polo profesorado. O profesorado que remate a docencia dunha materia con anterioridade a este período debe comunicalo para facer unha planificación especial.
 - ✓ 14/10/2019 – 25/10/2019 Realización da planificación polos centros.
 - ✓ 04/11/2019 – 20/12/2019 Realización das enquisas.
- O 10 de outubro de 2019 o coordinador asistiu a unha reunión convocada polo Director da Área de Calidade para presentar a Axenda Básica do programa de calidade deste curso académico 2019-2020 e informar das novidades e cuestións mais relevantes asociadas aos distintos programas de calidade:
- ✓ Re-certificación da implantación do SGIC da EME. Pendente reunión da Área de Calidade coa ANECA.
 - ✓ Próximo envío dos Informes das titulacións avaliadas internamente (entre as que están as da EME).
 - ✓ O novo procedemento de calidade IA-01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos, que substitúe aos procedementos PA07 Xestión dos recursos materiais e PA08 Xestión dos servizos, foi aprobado na Comisión de Calidade da UVIGO o 11 de xullo de 2019. Hai que aprobalo no centro e publicalo na web.
 - ✓ Artigo 7.3 do RD420/2015: interpretacións sobre o cómputo do profesorado doutor nas titulacións (equivalente en dedicación a tempo completo; horas impartidas...)
 - ✓ Selos internacionais (visita comité externo convocatoria 18/19 a finais de outubro; a EME entraría na seguinte convocatoria)
 - ✓ DOCENTIA quinquenal (2ª convocatoria): en desenvolvemento.
 - ✓ DOCENTIA anual 17/18: publicación dos resultados provisionais neste trimestre. Están a traballar na mellora do programa de cara á seguinte convocatoria: esquema e proceso de avaliación (centrado en aspectos docentes, sen participación en comisións nin en tarefas de xestión). Discutiuse a problemática de que os directores teñan que dar os informes sobre o profesorado avaliado.

- ✓ IRPD: importancia de revisar e actualizar os obxectivos de calidade e de facer seguimento/actualización dos PAM activos (asociados a cada programa de calidade) coa axuda da aplicación do SGC .
- ✓ Plataforma SGIC: introdución rexistros do curso 2018-2019 ata o 27/12/2019. En breve abrirase o apartado para o curso 2019-2020.
- ✓ Presentación da Axenda Básica do programa de calidade do curso 2019-2020.
- ✓ Novo enfoque no procedemento DO0203 Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo: crear un marco sistemático e documentado, eficiente e útil para o alumnado do programa PIUNE, todo integrado no PAT.
- ✓ Revisión e actualización de outros procedementos do SGC no curso 2019-2020:

Código	Denominación	Liña da actualización
DE01P1	Planificación e desenvolvemento estratéxico	Adaptación do procedemento á realidade da Universidade é axuste ao nivel de competencias do centro.
DE02P1	Seguimento e medición	Actualización do panel de indicadores evitando duplicidades.
DO0102P3	Seguimento e mellora das titulacións	Actualización do procedemento de acordo aos novos enfoques (seguimento institucional, revisión pola dirección...).
DO0103P1	Suspensión e extinción dunha titulación	Inclusión de todos os procesos que poden levar a un proceso de extinción. Simplificación do procedemento.
DO0301P1	Información pública e rendemento de contas (tipo <i>checklist</i>)	Actualización do procedemento. Revisión do rexistro asociado "Plan operativo de información pública".
MC05	Satisfacción das usuarias e usuarios (PAESU)	Simplificación do procedemento e redución do número de rexistros ou incluso eliminalo.

- O 11 de outubro de 2019 a Área de Calidade da UVIGO publicou na Secretaría virtual os Resultados Provisionais das Enquisas de Avaliación Docente do curso 2018-2019. Ábrese un prazo ata o 01 de novembro para reclamacións, comentarios ou suxestións.
- O 28 de outubro de 2019 a Área de Calidade da UVIGO informou de que xa está operativo o rexistro de evidencias relativas ao curso 2019-2020 na aplicación informática do sistema de calidade, accesible a través da Secretaría Virtual.

- O 28 de outubro de 2019 a Área de Calidade da UVIGO remitiu as actualizacións de dous anexos do Manual de Calidade para a súa publicación en substitución dos obsoletos:
 - ✓ Mapa de procesos (sección 6.5 do manual)
 - ✓ Anexo 1: Listaxe de procedementos en vigor.

A actualización é debida a posta en marcha do procedemento IA01 Xestión dos recursos materiais e servizos que substitúen aos procesos PA07 e PA08. Serán actualizadas na web en canto se aprobe no centro o novo procedemento.

- O 5 de novembro de 2019 a Unidade de Análises e Programas da UVIGO publicou un novo bloque de indicadores e información no Portal de Transparencia. Entre eles se atopan os resultados das enquisas de satisfacción de PAS de centros e de persoas egresadas correspondentes ao curso 2018-2019. Os resultados das enquisas de satisfacción de alumnado e profesorado correspondentes ao curso 2018-2019 foron retirados provisionalmente por estar incompletos.
- O 6 de novembro de 2019 o coordinador de calidade mantivo unha reunión con Raquel Gandón (técnica da Área de Calidade) sobre os rexistros abertos no SGIC, a Axenda Básica e outros temas de calidade para priorizar os temas a tratar na Comisión de Calidade.
- O 11 de novembro de 2019 a Área de Calidade remitiu os informes provisionais de revisión interna correspondentes ao rexistro R3 do procedemento DO0102 Seguimento e mellora das titulacións. O prazo para presentar alegacións e comentarios de cara ao informe final remata o 22 de novembro.

- **Axenda Básica de Calidade** para o curso 2019-2020 (anexo):
 - ✓ Axuste das datas dalgúns rexistros para adaptalas as datas nas que se dispón da información necesaria.
 - ✓ Incorporación dos novos procedementos:
 - **IA01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos:** aprobado o 11 de xullo de 2019 na Comisión de Calidade da UVIGO; hai que aprobalo nos centros
 - **DO0203 Orientación ao estudantado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo:** en fase de suxestións; pendente de aprobación.
 - ✓ Procedementos en revisión para a súa implantación no curso 2020-2021.
 - ✓ Anexo final cun resumo xeral de rexistros e datas.
- **Rexistros de evidencias introducidos na plataforma do SGIC:**
 - ✓ Rexistros do Procedemento **DO0102 Seguimento e mellora das titulacións:**
 - R2-DO0102 P1 Informe final de avaliación da titulación (ACSUG).
 - No curso 2018/2019 rematouse o proceso de acreditación do MUEM, levado a cabo no curso 2017/2018, coa publicación do Informe final de Acreditación do mesmo (ACSUG 03/09/2018) e a Resolución do *Consejo de Universidades* (30/10/2018) na que se renova a acreditación do título.
 - Das outras titulacións non procede.
 - ✓ Rexistros R1-DO0101 P1 Actas da Comisión de Calidade sobre a modificación dunha titulación.
 - Péchanse os rexistros correspondentes as titulacións de grao coa introdución de dúas actas (29 de marzo e 8 de xullo de 2019)
 - Se se trata nalgunha sesión máis, hai que subilo no curso 2019-2020.
- **Evidencias e asuntos do SGIC pendentes:**
 - ✓ Rexistros do Procedemento **PE02 P1 Xestión do PDI:**
 - R1 Resultados de avaliación docente definitivos (anuais) – por titulación (á espera da publicación dos resultados definitivos das EAD e do DOCENTIA anual)

- R2 Informe de responsables académicos – do centro (á espera da publicación dos resultados definitivos do DOCENTIA quinquenal)
- R3 Listaxe de accións formativas derivadas das necesidades detectadas; pedir tamén suxestións ao profesorado, Comisión de calidade...
- R4 Ficha de programa actividade de formación.
- ✓ R1-DO0204 P1 Criterios de asignación de prácticas curriculares: pendente de documento aclaratorio da coordinadora do MUEM.
- ✓ Rexistros do Procedemento **DO0102 Seguimento e mellora das titulacións**:
 - R3-DO0102 P1 Informes de revisión interna (UVIGO): en fase de elaboración (recibiuse o informe provisional).
- ✓ Re-certificación do Sistema de Calidade do centro.

3. Aprobación, se procede, do novo procedemento de calidade IA-01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos.

O novo procedemento de calidade IA-01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos, que substitúe aos procedementos PA07 Xestión dos recursos materiais e PA08 Xestión dos servizos, foi aprobado na Comisión de Calidade da UVIGO o 11 de xullo de 2019. Hai que aprobalo no centro e publicalo na web.

O documento marco do novo procedemento foi modificado levemente pola Dirección para melloralo e personalizalo para o noso centro e enviouse previamente aos membros da comisión.

A Directora explica o proceso e os principais cambios efectuados sobre o documento marco.

A comisión aproba o novo procedemento por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do rexistro R3-DO0201 P1 Informes de Coordinación das titulacións do centro.

A Directora aclara que non hai informe do Máster en Xeoinformática por atoparse a titulación en proceso de extinción. A continuación comenta a estrutura dos informes das outras tres titulacións e os principais aspectos que recollen, deténdose un pouco máis nos apartados de conclusións. Por último, menciona que no informe do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas hai unhas datas que están pendentes de confirmación.

A comisión aproba os tres informes por asentimento.

- 5. Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento DO0203 Orientación ao estudantado:**
- **R1-DO0203 P1 Plan de Acción Titorial**
 - **R2-DO0203 P1 Informe final de avaliación do PAT.**

A Directora expón a necesidade da modificación do rexistro R1 Plan de Acción Titorial, que está vixente dende o 05/07/2017, para actualizalo e adaptalo á tendencia dos últimos dous cursos, nos que se foron deixando de levar a cabo algunhas das accións planificadas por non ter participación nin utilidade efectiva. Non obstante, como a Área de Calidade da UVIGO está a desenvolver un novo procedemento DO0203 Orientación ao estudantado, que incluírá un Modelo guía para o deseño do PAT-ANEAE, propón manter provisionalmente o PAT vixente e aprazar a súa modificación ata que o novo procedemento sexa aprobado.

A comisión aproba por asentimento a prórroga do PAT vixente ata que se dispoña do modelo guía para o deseño do novo PAT-ANEAE.

A continuación a Directora expón brevemente o Informe final do PAT, que foi enviado previamente aos membros da comisión.

A comisión aproba por asentimento o rexistro R2-DO0203 P1 Informe final de avaliación do PAT.

- 6. Valoración dos informes provisionais de revisión interna correspondentes ao rexistro R3 do procedemento DO0102 Seguimento e mellora das titulacións.**

A Directora explica que os devanditos informes se recibiron o 11 de novembro e que o prazo para realizar comentarios ou alegacións remata o 22 de novembro. Comenta que o equipo de dirección do centro opina que é convinte involucrar á Comisión de Calidade na valoración destes informes, que xa foron enviados previamente aos membros da comisión.

Segundo o Director da Área de Calidade as propostas e comentarios recollidos nestes informes deben axudar a completar e/ou profundar na análise realizada en futuros IRPD, para que este documento sexa o rexistro, ao rematar cada curso, da análise comparada da mellora permanente do Centro e das Titulacións respecto aos obxectivos estimados no IRPD anterior, e do seguimento e valoración da eficacia das accións de mellora abertas e das que poidan xurdir desta análise comparada.

A Directora explica que tendo o centro a acreditación institucional, a re-certificación do Sistema de Garantía de Calidade do centro debería levarse en clave interna na universidade pero que, como aínda non está armado, vaise facer un seguimento das titulacións mediante estes informes, elaborados polo Área de Calidade da Universidade en base ao IRPD.

A continuación expón brevemente o documento do informe e ábrese un debate no que a comisión analiza, unha por unha, as propostas de respostas (alegacións e suxestións) mellorándoas e completándoas.

A comisión aproba por asentimento as alegacións ao Informe provisional de revisión interna.

7. Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento PE01 P1 Xestión do PAS:

➤ **R1 Identificación das necesidades do PAS do centro**

➤ **R2 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro.**

A Administradora do Ámbito Tecnolóxico non poido rematar a tempo a elaboración destes dous rexistros polo que posponse a súa aprobación á seguinte sesión da comisión.

8. Rogos e Preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 40 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a dezanove de novembro de dous mil dezanove.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 19/11/2019

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade

Por orde da súa Presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 19 de novembro de 2019 na Sala de Videoconferencias (módulo de despachos) ás 12:00 horas en primeira convocatoria e ás 12:30 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 23 de xullo de 2019 e extraordinaria celebrada o 31 de xullo de 2019.
2. Informe do Coordinador.
3. Aprobación, se procede, do novo procedemento de calidade IA-01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos.
4. Aprobación, se procede, do rexistro R3-DO0201 P1 Informes de Coordinación das titulacións do centro.
5. Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento DO0203 Orientación ao estudantado:
 - a. R1-DO0203 P1 Plan de Acción Titorial
 - b. R2-DO0203 P1 Informe final de avaliación do PAT.
6. Valoración dos informes provisionais de revisión interna correspondentes ao rexistro R3 do procedemento DO0102 Seguimento e mellora das titulacións.
7. Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento PE01 P1 Xestión do PAS:
 - R1 Identificación das necesidades do PAS do centro
 - R2 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro.
8. Rogos e Preguntas.

Vigo, 12 de novembro de 2019

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 19/11/2019



Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 19 de novembro de 2019	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
David Patiño Vilas	Coordinador Grao EE
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM
M ^a Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
Escusan a súa asistencia	
Teresa Rivas Brea	Enlace Igualdade
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
Carmen Filgueira Sánchez	Representante do Alumnado
Luisa Álvarez Zaragoza	Repres. do Estudantado Egresado



ANEXO III

Procedemento de calidade IA-01

Xestión dos recursos materiais e dos servizos



ANEXO IV

Rexistro R3-DO0201 P1 Informes de Coordinación das titulacións
do centro:

- a. Informe de Coordinación do Grao en Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos
- b. Informe de Coordinación do Grao en Enxeñaría da Enerxía
- c. Informe de Coordinación do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas



ANEXO V

**Rexistro R2-DO0203 P1 Informe final de avaliación do PAT
do centro**



ANEXO VI

Informe de revisión interna de centros e titulacións:

- a. Informe provisional para a revisión interna do seguimento de centros e titulacións oficiais
- b. Alegacións presentadas ao informe de seguimento interno provisional